UNIDADE 4: A ARTE GÓTICA: EXERCICIOS DE APOIO.

CUESTIÓNS.

1. IDENTIFICA OS SEGUINTES TEMAS:
Nesta serie de obras plásticas do gótico debes intentar facer unha pequena análise iconográfica atendendo a dous niveis distintos: primeiro tes que describir a escena que se representa, e logo identificar o tema representado. Todos eles son temas de referencia na arte medieval cristián.

a)	.**Descrición:** **Tema**
 b)	**Descrición:** **Tema**

	c)	**Descrición:** **Tema**
	d)	**Descrición:** **Tema**

2. Coloca nos recadros os nomes dos elementos arquitectónicos sinalados cunha frecha.



3. Nomea os elementos desta fachada gótica sinalados cun número.



4. Cales son as Escolas de pintura máis importantes no Trecento Italiano? Sinala os artistas máis importantes.

5. Que tipos de bóvedas mostran as seguintes imaxes?



a)



b)

6. Que marco histórico lle corresponde á seguinte obra?

7. A que obra pertence o seguinte fragmento?



SOLUCIÓNS.

1.

a)	É un grupo escultórico en marfil,no que se representas dúas figuras, un home e unha muller en actitude sedente . Trátase da Virxe e Xesucristo, quen levanta o brazo no ademán de colocar unha coroa á Virxe como raíña dos ceos. A Virxe baixa a cabeza e xunta as mans nun xesto entre submiso e agradecido. O tema representado é a *Coroación da Virxe*
b)	O Tímpano disponse en dous rexistros: no superior, Cristo, no centro, ensinando as chagas, rodeado por dous anxos que levan instrumentos da paixón, e nos extremos dúas figuras que axeonlladas ante el: á esquerda a Virxe e a dereita podería ser San Xoán. No centro do rexistro inferior colócase o *peso das almas*, e ós lados os *elixidos* (á dereita) e os *condenados* (á esquerda). No lintel preséntase a *resurrección dos mortos*. Nas arquivoltas, figuras de anxos. Tema: Trátase do tema *do Xuízo Final.*
c)	Un anxo, representado coma unha figura alada, de xeonllos, e portando unha rama de oliveira, diríxese á Virxe María, que aparece coma unha muller nova, con xesto tímido, que pecha o libro que estaba a ler. Trátase do tema da Anunciación**,** o momento en que o Anxo Gabriel lle anuncia a Virxe que vai se nai de Deus.
d)	Trátase dun grupo escultórico composto por seis figura, unha muller sentada cun neno en brazos, unha figura masculina axeonllada ante ela, e as figuras doutros tres homes aos lados.Tres das figuras portan copas douradas e outros obxectos nas mans. O tema representado é a *Epifanía:* O Neno Xesús, sentado no colo de María, recibe os presentes dos tres Reis Magos.

2.



3.

1:Arcobotante
2:Contraforte
3:Trazaría.
4:Gárgola.
5:Gablete.
6.Pináculo.
7:Rosetón.

4. As Escolas máis importantes da pintura do Trecento italiano (século XIV) son A Escola de Siena ea Escola de Florencia.
Os pintores máis salientables da Escola de Siena son Duccio e o seu discípulo Simone Martini. Na chamada Escola de Florencia destaca pola a Obra de Giotto, en cuxa obra se plantexan aspectos (volume, espazo) que anos despois resolverán os artistas do renacemento italiano.

5.
a) Bóveda estrelada.
b) Bóveda de cruzaría sexpartita.

6.
Esta obra é o sepulcro do Infante Alonso. Gil de Siloé. 1489-1493 na Cartuja de Miraflores., en Burgos; enmarcase na arte gótica española do século XV.
A arte gótica desenvólvese nos Reinos cristiáns da Península Ibérica desde a segunda metade do século XII ata o primeiro terzo do século XVI. Aquí, a situación política, está marcada pola presenza de Al-Andalus no sur, e pola progresiva expansión dos reinos cristiáns, proceso encabezado polo Reino de Castela e a Coroa de Aragón
A Coroa de Castela coñece unha época de esplendor político e económico no século XIII., no que a monarquía, a nobreza e os cabidos catedralicios son os clientes da arte e os promotores das grandes empresas construtivas. No século.XIV atravesa unha profunda crise económica, demográfica e social, da que se recupera no século XV, grazas sobre todo á actividade gandeira e ó efecto arrastre que produce sobre outras actividades económicas, como o comercio con Flandres
A **Coroa de Aragón**, no século XIV, expandirase política e economicamente polo Mediterráneo; Cataluña que manterá un activo comercio co toda a área; esta actividade comercial supón a aparición dunha rica burguesía capaz de patrocinar empresas artísticas, a miúdo de carácter civil.A proclamación de Isabel como reina de Castela, e o seu matrimonio co príncipe aragonés Fernando a final de século permitirá a fusión (unión dinástica)destes dous reinos, que coa posterior conquista do Reino nazarí de Granada e a anexión do Reino de Navarra provocará que a península, a excepción de Portugal, se unifique territorialmente.
Estas diferentes relacións políticas e económicas explican tamén as relación artísticas e as diferenzas do gótico peninsular. Na Coroa de Castela, o Camiño de Santiago segue a ser unha importante arteria económica e cultural que permite o coñecemento do primeiro gótico francés xa a finais do século XII; a relación dos monarcas coa área borgoñona xa dende o románico , e coa área flamenca despois permite aquí a introdución de modelos e artistas foráneos durante todo o período. A relación da Coroa de Aragón coa área do Mediterráneo explica que aquí se desenvolva un arte máis influenciado polos modelos do Sur de Francia e a península Italiana**.**

7. Trátase de tres figuras das xambas (estatuas-columna) da Portada Real de Chartres, de mediados do século XII: